

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 27 DE MAIO DE 2016

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1272/2013.- **MARÍA OLALLA OTERO VIEITEZ.-** Conceder licenza para executar as obras de legalización de vivenda sita na rúa do Pombal nº 23 Esc 01 000 A.

LIC/1660/2015.- **MONTESSORI COMPOSTELA, S. L.-** Conceder a licenza para executar as obras de rehabilitación e adecuación de edificio da Colexiata de Sar para apertura de colexio estranxeiro en rúa de Sar nº 68.

LIC/1765/2014.- **LUIS PARCERO MOSTEIRO.-** Conceder a demolición de galpón existente e semiderrubado parcialmente sito en lugar de Piñeiro do Carballal nº 4.

DESFAVORABLES.-

LIC/155/2016.- **ISOLINO GARCÍA CEBRO.-** Desestimar a solicitude de modificación de liña de peche establecida na licenza outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de maio de 2014, no lugar da Peregrina nº 27.

RECURSO DE REPOSICIÓN.-

LIC/1771/2013.- **JESUS TEJO CEPEDA.-** Inadmitir o recurso de reposición presentado por D^a Carmen Seoane Cepeda, xa que o único recurso previsto na Lei unha vez esgotada a vía administrativa, e o Contencioso-Administrativo en vía xurisdiccional.

LIC/1601/2015.- **Estimar o recurso de reposición presentado por Dona María Victoria Bartolomé Ventosa, deixando sen efecto a licenza de parcelación outorgada pola Xunta de Goberno Local de 20 de novembro de 2015 e poñer en coñecemento dos interesados que a concesión dunha nova licenza de parcelación debe contar co consentimento de todos os propietarios ou axustarse de xeito indubitado ao contido do caderno particional aprobado pola Sentenza de 20 de outubro de 2011.**

RECURSO EXTRAORDINARIO DE REVISION.-

LIC/1777/2015.- **Inadmitir a trámite o recurso extraordinario de revisión presentado por D. JOSÉ CARNOTA REY contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xaneiro de 2015 que resolveu non admitir a trámite a solicitude de revisión de oficio da licenza concedida a CYSUGAL, S.A., por non atoparse en ningún dos supostos previstos no artigo 118 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.**

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

LIC/1922/2015.- **XOSÉ LUIS TRINCADO ALVAREZ.-** Acceder á devolución a fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de outubro de 2010 (LIC/894/2009), por importe de 1.000 €.

LIC/139/2016.- **CARLOS FERNANDEZ GONZALEZ.-** Acceder á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 26 de xullo de 2012 por importe de 2000 € (danos en vía pública. Expte: LIC/490/2012).

LIC/435/2016.- **ELENA CANEDO SANTOS.-** Denegar a devolución dos avais depositados no expediente LIC/891/2008 en garantía dos gastos de urbanización e de posibles danos en bens e servizos públicos, por non terse executadas as obras de urbanización nos termos previstos na concesión da licenza de obra.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL SOBRE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NO CONCELLEIRO DELEGADO DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE.

2.- **Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para a executar as obras de legalización de vivenda sita na rúa do Pombal nº 23 Esc 01 000 A. LIC/1272/2013. Apróbase a proposta.**

3.- **Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar as obras de rehabilitación e**

adecuación de edificio da Colexiata de Sar para apertura de colexio estranxeiro en rúa de Sar nº 68. LIC/1660/2015. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a conceder a demolición de galpón existente e semiderrubado parcialmente sito en lugar de Piñeiro do Carballal nº 4. LIC/1765/2014. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á desestimación da solicitude de modificación de liña de peche establecida na licenza outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de maio de 2014, no lugar da Peregrina nº 27. LIC/155/2016. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á inadmisión do recurso de reposición presentado por D^a Carmen Seoane Cepeda, xa que o único recurso previsto na Lei unha vez esgotada a vía administrativa, e o Contencioso-Administrativo en vía xurisdiccional. LIC/1771/2013. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á estimación do recurso de reposición presentado por Dona María Victoria Bartolomé Ventosa, deixando sen efecto a licenza de parcelación outorgada pola Xunta de Goberno Local de 20 de novembro de 2015 e poñer en coñecemento dos interesados que a concesión dunha nova licenza de parcelación debe contar co consentimento de todos os propietarios ou axustarse de xeito indubitado ao contido do caderno particional aprobado pola Sentencia de 20 de outubro de 2011. LIC/1601/2015. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á inadmitir a trámite o recurso extraordinario de revisión presentado por D. JOSÉ CARNOTA REY contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xaneiro de 2015 que resolveu non admitir a trámite a solicitude de revisión de oficio da licenza concedida a CYSUGAL, S.A., por non atoparse en ningún dos supostos previstos no artigo 118 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. LIC/1777/2015. Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de outubro de 2010 (LIC/894/2009), por importe de 1.000 €. LIC/1922/2015. Apróbase a proposta.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 26 de xullo de 2012 por importe de 2000 € (danos en vía pública. Expte: LIC/490/2012). LIC/139/2016. Apróbase a proposta.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á devolución dos avais depositados no expediente LIC/891/2008 en garantía dos gastos de urbanización e de posibles danos en bens e servizos públicos, por non terse executadas as obras de urbanización nos termos previstos na concesión da licenza de obra. LIC/435/2016. Apróbase a proposta.

12.- Proposta á Xunta de Goberno Local relativa á interpretación de delegación de competencias no concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade. Apróbase a proposta.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da cesión de praza nº 143 do aparcamento da rúa da Rosa. Apróbase a proposta.

14.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á resolución do contrato do Proxecto de renovación de pavimentos da rúa Rapa da Folla, incluídas no POS 2014 da Excma. Deputación Provincial da Coruña con Construcciones Iglesias Mera, S.L. Acórdase resolver o contrato e indemnizar ao contratista cunha cantidade do 3 por cento do importe da adxudicación (25.780,95 € máis IVE),

que ascende neste caso a 773,43 euros. A medida responde a que os cambios necesarios para adaptar o proxecto á realidade da rúa, afectada pola execución das obras das colindantes Carreira do Conde e Montero Ríos, alterarían as condicións esenciais da licitación e adxudicación.

16.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á subsanación un erro do prego de condicións do contrato de subministro, mediante renting, de oito vehículos monovolume para a policía local do Concello de Santiago de Compostela. Apróbase a proposta

17.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente e Convivencia relativa á revogación das autorizacións do uso das hortas municipais de Belvís de Arriba e establecer un novo prazo para formular solicitudes de nova concesión. Acórdase revogar as autorizacións de uso das hortas municipais de Belvís de Arriba ao cumprirse o prazo máximo de uso de catro anos. Acórdase establecer como prazo para formular as solicitudes de nova concesión do 1 ao 23 de xuño, ambos inclusive.

18.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación das normas de seguridade que rexerán a celebración das cacharelas da noite de San Xoán 2016 en espazos públicos e privados. Apróbase a proposta.

19.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á supresión de prazas de aparcamento en diversas rúas por razón de seguridade viaria. Acórdase a supresión de prazas de aparcamento nas rúas Hospitaliño, Loureiros, Atalaia, Enfesta, Altamira e Touro.

20.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación da participación do Concello de Santiago de Compostela no VII Campionato Nacional de cálculo mental e con ábaco. Apróbase a participación do Concello no Campionato, que se celebrará os días 3 e 4 de xuño en Santiago e que incluírá un evento específico de promoción da cidade en forma de gimkana.

21.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación das listaxes definitivas de admitidos, excluídos e listaxe de agarda nas Escolas Infantís Municipais de Conxo, Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños. Curso 2016-2017. Apróbase a proposta.

22.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación da memoria programática e económica do XI Certame de Danza Intercentros "Compostela en Danza 2016". Apróbase a memoria de actividades e o orzamento do XI Certame de Danza Intercentros, que ascende a 9.940,19 euros (IVE incluído)

23.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación da 9ª edición dos premios Educacompostela. Apróbase a proposta.

24.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á aprobación do convenio de cesión de uso en precario á Federación de Asociacións de Familiares de Persoas con Enfermidades Mentais de Galicia (FEAFES). Apróbase o convenio con FEAFES para a autorización de uso gratuíto en precario de tres vivendas, co obxectivo de convertérense en vivendas de transición para persoas sen teito que se atopen nunha situación severa de exclusión social.

25.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa ao servizo de vixilancia e seguridade das instalacións da Unidade Municipal de Atención ó Drogodependente (UMAD). Autorízase a cesión do contrato de prestación de servizos de vixilancia e seguridade das instalacións da UMAD da empresa EAS Tecnosistem SL (cedente) á empresa Segur Ibérica SA (cesionaria). O contrato ten como data de finalización o 14 de xullo de 2017.

26.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais Diversidade e Saúde relativa á extinción de axuda concedida no ano 2015 no marco do Programa Santiago Suma de Inclusión Social (meses de xaneiro a setembro de 2016). Apróbase a proposta.

27.- Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais Diversidade e Saúde relativas á xustificación e extinción de axudas concedida no ano 2015 no marco do Programa Santiago Suma de Inclusión Social. Apróbase a proposta.

28.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais Diversidade e Saúde relativa á dación de contas da concesión definitiva de subvención da Deputación da Coruña para o programa de "Escola de saúde e envellecemento activo". Dase conta de que a Deputación da Coruña comunicou a concesión definitiva dunha subvención de 3.000 euros para o programa "Escola de saúde e envellecemento activo"

29.- Proposta da concelleira delegada de centros socioculturais relativa á ampliación do contrato de mantemento dos ascensores dos Centros Socioculturais do Concello de Santiago de Compostela. Acórdase ampliar o contrato de mantemento dos ascensores dos centros socioculturais subscrito coa empresa Shindler SA para incluír o que presta servizo na Casa das Asociacións de Cornes, o que suporá un incremento do importe anual do contrato de 480 euros máis IVE.

30.- Recoñecemento extraxudicial de crédito. Apróbase un recoñecemento por importe de 54.485 euros, a favor de Estudio Thuban SL, en execución do contrato subscrito para a revisión do Plan Especial da cidade histórica.

31.- Convalidación de decreto de autorización e recoñecemento extraxudicial de crédito da subvención nominativa "Addenda ao Consorcio da cidade de Santiago de Compostela". Apróbase o recoñecemento de obrigas, por importe de 70.237,02 euros.

URXENCIAS

1.-Recoñecemento extraxudicial de crédito. Apróbase o recoñecemento a favor de Serunión, por un importe de 4.921,76 euros.

2.-Proposta dos concelleiros delegados de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade; e Educación e Cidadanía relativa ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Fundación Amancio Ortega para a construción dunha escola infantil no barrio do Castiñeiríño. Apróbase a proposta.

3.-Proposta do concelleiro delegado de Benestar Animal relativa ao anticipo a conta do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Refuxio de Animais para o ano 2016. Apróbase un anticipo por un importe de 61.803,73 euros.

4.-Proposta da xefatura de servizo de persoal relativa á determinación do servizo de Informática como servizo prioritario a efectos de nomeamento de persoal funcionario interino ou laboral temporal. Apróbase a proposta.

5.- Proposta de prórroga do contrato do servizo de limpeza das dependencias municipais. Acórdase prorrogar o contrato subscrito coa empresa ISS Facility Services SA para a prestación do servizo de limpeza dos edificios e dependencias do Concello de Santiago polo prazo de tres meses, a contar desde o 1 de xuño de 2016 ata o 31 de agosto de 2016. O gasto correspondente a esta prórroga ascende a 249.451,74 euros.

6.- Proposta da xefatura de servizo de persoal relativa á determinación do servizo de Lingua como servizo prioritario a efectos de nomeamento de persoal funcionario interino ou laboral temporal. Apróbase a proposta.

7.-Proposta relativa á concesión da transferencia nominativa á Fundación Granell correspondente a 2016. Dase conta da sinatura do convenio coa Fundación Granell e procédese aos pagos parciais correspondentes ao período xa transcorrido de 2016, polo importe proporcional ao total anual previsto de 130.000 euros.